



AVISO IMPORTANTE Á ATENCIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

APERTURA PRAZO DE MATRÍCULA ED. INFANTIL E PRIMARIA CURSO 20-21

No *Diario Oficial de Galicia* foi publicado a día de hoxe 6-5-20 a [Resolución do 5 de maio de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade a diversos acordos do Centro de Coordinación Operativa da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia \(Cecop\), do 5 de maio de 2020](#) que, no ámbito educativo, estableceu os seguintes acordos:

“Restablecemento do procedemento de admisión do alumnado de 2º ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso académico 2020/21 modificando e adaptando as datas das fases posteriores para poder preparar o novo curso, logo da situación excepcional de emerxencia sanitaria que motivou a súa paralización.

Tendo en conta o exposto, e por proposta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, o Cecop toma razón de que a consellería ditará resolución acordando as seguintes cuestións:

1. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE ADMISIÓN.

Restablecerase o prazo para a presentación das solicitudes de admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos, polo tempo que restaba cando se declarou o estado de alarma, de xeito que se **iniciará o día 11 de maio de 2020 e rematará o día 18 do mesmo mes.**

PROCEDEMENTO:

- **HORARIO DE ATENCIÓN Ó PÚBLICO de 10 a 13 horas.**
- **SERVIZO CITA PREVIA . As familias solicitarán a través do correo electrónico do centro: ceip.ocoto@edu.xunta.es unha cita indicando a hora de atención e a data preferente para realizar o trámite administrativo. Atenderase esta solicitude de horario e data preferente na medida do posible, no caso de que xa esté asignada esa hora e data, enviarase outra proposta alternativa..**



Prégase ás familias:

- ✓ ***Que se confirme a cita proposta pola secretaría a través do correo electrónico. De non realizar a familia o envío de conformidade, entenderase que non se acepta a cita proposta e esta poderá ser adxudicada a outra familia.***
- ✓ ***Que non se acuda ó centro senón se ten recibida o correo de conformidade.***

Daranse citas cada 15', a familia que perda a cita, solicitará unha nova a través do correo.

Poderanse solicitar as citas a través do correo desde mañá xoves 7 de maio.

Tfno de secretaría: 881 866 822

2. NOVOS PRAZOS DO PROCEDEMENTO.

a) De conformidade co artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ***os demais prazos do procedemento de admisión reduciranse á metade.***

b) NOVOS PRAZOS DO PROCESO:

- **Publicación das listaxes provisionais do alumnado admitido e non admitido:**
 - **antes do 9 de xuño de 2020.**
- **Poderanse formular reclamacións contra as listaxes provisionais no prazo de:**
 - **3 días hábiles contados desde o seguinte ao da súa publicación.**
- **Publicación das listaxes definitivas do alumnado admitido e non admitido:**
 - **ata o 26 de xuño de 2020.**
- **Formalización da matrícula en educación infantil e primaria:**
 - **do 1 ao 10 xullo de 2020.**

3. ADXUDICACIÓN SUBSIDIARIA DE POSTOS ESCOLARES.

Con carácter excepcional, non se constituirán as comisións de escolarización. Todas as funcións para a adxudicación subsidiaria de postos escolares que se atribúen ao dito órgano do proceso de **admisión serán asumidas e desenvolvidas polos servizos territoriais de Inspección educativa de cada unha das xefaturas territoriais da Consellería.**



4. PUBLICACIÓN.

Sen prexuízo da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, a resolución tamén se publicará **na páxina web:**

- da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional
- dos centros educativos afectados polo proceso.

Negreira a 6 de maio de 2020
Equipo directivo